

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 8 de setembro de 2017

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o oito de setembro do ano dous mil dezasete, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Plácido Álvarez Dobaño, don Manuel Doval Soto, don Pablo Pérez Pérez, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Montserrat Lama Nóvoa e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste á sesión o deputado provincial e vicepresidente 2º, don Jorge Pumar Tesouro, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 1 DE SETEMBRO DE 2017.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día un de setembro de dous mil dezasete, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CENLLE PARA SANEAMENTO DO NÚCLEO DE CASAR E CONSOLIDACIÓN DE MURO NA LAMA, DA PARROQUIA DE VILAR DE REI.- No Pleno con data 28 de abril de 2017 acordouse aprobar o expediente Nº 2/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 15.000,00 euros, a favor do Concello de Cenlle, para saneamento na parroquia de Villar de Rei.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Cenlle, para saneamento do núcleo de Casar e consolidación de muro na Lama, da parroquia de Vilar de Rei, nos seguintes termos:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 8 de setembro de 2017

-Importe: 15.000,00 euros.

-Obxecto: saneamento do núcleo de Casar e consolidación de muro na Lama, da parroquia de Vilar de Rei.

-Condicións específicas: a concesión da subvención queda condicionada á obtención por parte do concello beneficiario das autorizacións sectoriais esixibles para a realización das obras subvencionadas.

O cumprimento de dita condición, deberá acreditarse coa xustificación da subvención e a falta de constatación deste extremo dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención ou, de ser o caso, ao correspondente expediente de reintegro.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1. Que o Concello de Cenlle dispón, a data da emisión da presente certificación, das correspondentes autorizacións sectoriais esixibles para a realización do saneamento do núcleo de Casar e consolidación de muro na Lama, da parroquia de Vilar de Rei.
2. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
3. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
4. Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
5. Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Achegarase, ademais, copia autenticada do documento de outorgamento das autorizacións sectoriais precisas para a realización das obras obxecto da subvención.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 8 de setembro de 2017
--

trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2017.

3.- SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN FESTA DA ISTORIA PARA CELEBRACIÓN DA FESTA DA ISTORIA CORRESPONDENTE AO ANO 2017.-

No Pleno con data 28 de abril de 2017 acordouse aprobar o expediente Nº 2/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.16, a cantidade de 23.000,00 euros a favor da Fundación Festa da Isteria, para a Festa da Isteria.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención complementaria á concedida por acordo da Xunta de Goberno do 8 de xuño de 2017 á Fundación Festa da Isteria, nos seguintes termos:

-Importe: 23.000,00 €.

-Obxecto: celebración da Festa da Isteria correspondente ao ano 2017.

-Xustificación: a subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 8 de setembro de 2017

subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2017.

4.- SUBVENCIÓN Á MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DO CARBALLIÑO PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE CORRESPONDENTES AO ANO 2017.-

No Pleno con data 28 de abril de 2017 acordouse aprobar o expediente Nº 2/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/463.01 unha subvención nominativa, por importe de 50.000,00 euros, a favor da Mancomunidad de Municipios da Comarca do Carballiño, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2017.

Unha vez vista a solicitude formulada polo presidente da mencionada mancomunidad e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Mancomunidad de Municipios da Comarca do Carballiño, nos seguintes termos:

-Importe: 50.000,00 euros.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2017.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención da mancomunidad beneficiaria, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
2. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
3. Que a xustificación da subvención acada o 100% do importe da subvención concedida.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 8 de setembro de 2017

4. Relación das subvencións concedidas á entidade beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

5.- SUBVENCIÓN AO CONCELLO DA MEZQUITA PARA ILUMINACIÓN PÚBLICA EN VIVENDAS.- No Pleno con data 28 de abril de 2017 acordouse aprobar o expediente Nº 2/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 7.500,00 euros, a favor do Concello da Mezquita, para instalación de iluminación pública.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello da Mezquita, para iluminación pública en vivendas da Estación de Vilavella, nos seguintes termos:

-Importe: 7.500,00 euros.

-Obxecto: iluminación pública en vivendas da Estación de Vilavella

-Condicións específicas: a concesión da subvención queda condicionada á obtención por parte do concello beneficiario das autorizacións sectoriais esixibles para a realización das obras subvencionadas.

O cumprimento de dita condición, deberá acreditarse coa xustificación da subvención e a falta de constatación deste extremo dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención ou, de ser o caso, ao correspondente expediente de reintegro.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 8 de setembro de 2017

concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1. Que o Concello da Mezquita dispón, a data da emisión da presente certificación, das correspondentes autorizacións sectoriais esixibles para a realización da iluminación pública en vivendas da Estación de Vilavella.
2. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
3. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
4. Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
5. Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Achegarase, ademais, copia autenticada do documento de outorgamento das autorizacións sectoriais precisas para a realización das obras obxecto da subvención.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2017.

6.- SUBVENCIÓN AO CONCELLO DA MEZQUITA PARA OBRAS DE ADAPTACIÓN DO LOCAL DESTINADO Á POSTA EN MARCHA DO PAI, FASE

1.- No Pleno con data 29 de xullo de 2016 acordouse aprobar o expediente N° 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/462.01 unha subvención nominativa, por importe de 25.000,00 euros, a favor do Concello da Mezquita, para funcionamento do Punto de Atención á Infancia.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 8 de setembro de 2017

Posteriormente, no Pleno do día 28 de outubro de 2016, acordouse aprobar modificacións dos expedientes números 3 e 4 de 2016, no que se propón o cambio de finalidade da dita subvención, para “obras de adaptación do local destinado á posta en marcha do PAI”.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello da Mezquita, para as obras de adaptación do local destinado á posta en marcha do PAI, fase 1, nos seguintes termos:

-Importe: 25.000,00 euros.

-Obxecto: obras de adaptación do local destinado á posta en marcha do PAI, fase 1.

-Condicións específicas: a concesión da subvención queda condicionada á obtención por parte do concello beneficiario das autorizacións sectoriais esixibles para a realización das obras subvencionadas.

O cumprimento de dita condición, deberá acreditarse coa xustificación da subvención e a falta de constatación deste extremo dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención ou, de ser o caso, ao correspondente expediente de reintegro.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1. Que o Concello da Mezquita dispón, a data da emisión da presente certificación, das correspondentes autorizacións sectoriais esixibles para a realización obras de adaptación do local destinado á posta en marcha do PAI, fase 1.
2. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
3. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 8 de setembro de 2017

4. Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
5. Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Achegarase, ademais, copia autenticada do documento de outorgamento das autorizacións sectoriais precisas para a realización das obras obxecto da subvención.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2017.

7.- APROBACIÓN DE PAGO ANTICIPADO DE SUBVENCIÓN PARA ARRANXO DE ALMACÉN INCENDIADO NA RÚA OUTÓN 17, NO LUGAR DE FLARIZ AO CONCELLO DE MONTERREI.

- Con data do 7 de agosto de 2017, por acordo da Xunta de Goberno procedeuse a concesión directa dunha subvención como entidade colaboradora ao Concello de Monterrei e como beneficiaria final a dona M^a del Carmen Fernández Alonso, para arranxo de almacén incendiado na rúa Outón 17, no lugar de Flariz (Monterrei), por importe de 2.500,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23111/480.01.

Con data 28 de agosto de 2017, o Concello de Monterrei presenta, no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial, un escrito no que solicita o anticipo do 100% do importe concedido de 2.500,00 euros para arranxo de almacén incendiado na rúa Outón 17, no lugar de Flariz (Monterrei).

O artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense dispón que si o beneficiario o solicita, pódese pagar o importe do anticipo solicitado, sempre que a entidade local beneficiaria da subvención, no momento do anticipo non teña débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación, por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante.

De acordo co anteriormente exposto e co informe da Intervención desta Deputación Provincial, do día 31 de agosto de 2017, no que se informa que o Concello de Monterrei non

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 8 de setembro de 2017

ten débedas con esta Deputación, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar o pago anticipado, por importe de 2.500,00 euros, ao Concello de Monterrei, para arranxo de almacén incendiado na rúa Outón 17, no lugar de Flariz (Monterrei).

O Concello de Monterrei deberá presentar a xustificación do gasto subvencionado, segundo o establecido no acordo de concesión.

8.- SUBVENCIÓN AO CONCELLO DA VEIGA PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

- No Pleno con data 28 de abril de 2017 acordouse aprobar o expediente N° 2/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/462.00 unha subvención nominativa, por importe de 20.000,00 euros, a favor do Concello da Veiga, para actividades deportivas.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello da Veiga, nos seguintes termos:

-Importe: 20.000,00 euros.

-Obxecto: actividades deportivas.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
2. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
3. Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 8 de setembro de 2017

4. Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

9.- SUBVENCIÓN A DON VÍCTOR PRIETO CRUZ PARA CONCERTO PRESENTACIÓN EN AUDITORIO SYMPHONY SPACE DE NEW YORK E II INTERNACIONAL ACCORDION MASTERCLASS EN TOÉN.-

No Pleno con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente Nº 2/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.00, unha subvención nominativa a don Víctor Prieto Cruz, por importe de 21.062,62 euros, para concerto presentación en auditorio Symphony Space de New York e II Internacional Accordion Masterclass en Toén.

Unha vez vista a documentación presentada por don Víctor Prieto Cruz, en la que presenta un gasto por importe de 21.010,82 euros e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención a don Víctor Prieto Cruz, nos seguintes termos:

-Importe: 21.010,82 euros.

-Obxecto: concerto presentación en auditorio Symphony Space de New York e II Internacional Accordion Masterclass en Toén.

-Xustificación: a subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 8 de setembro de 2017

trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2017.

10.- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE LA CONSTRUCCIÓN Y OBRAS PÚBLICAS PARA DESENVOLVEMENTO DUNHA BASE DE DATOS XEORENFERENCIADA DO PARQUE DE VIVENDAS DA PROVINCIA DE OURENSE.

- No Pleno con data 28 de abril de 2017 acordouse aprobar o expediente Nº 2/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 433.00/489.01, a cantidade de 60.000,00 euros a favor da Asociación Provincial de Empresarios de la Construcción y Obras Públicas, para desenvolvemento dunha base de datos xeoreferenciada do parque de vivendas da provincia de Ourense.

Posteriormente no Pleno do día 30 de xuño de 2017 e debido a existencia dun erro, aprobouse o cambio de beneficiario, quedando a favor da Asociación Provincial de Empresarios de la Construcción y Obras Públicas.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación Provincial de Empresarios de la Construcción y Obras Públicas, nos seguintes termos:

-Importe: 60.000,00 €.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 8 de setembro de 2017

-Obxecto: Desenvolvemento dunha base de datos xeorenferenciada do parque de vivendas da provincia de Ourense.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

11.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

13.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día oito de setembro do ano dous mil dezasete, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O VICESECRETARIO,